

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA RÍA DE AROSA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE HÁBITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN MARISQUEIRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou ca Sociedad Cooperativa Gallega Ría de Arosa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Sociedad Cooperativa Gallega Ría de Arosa para elaborar un plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

Os obxectivos específicos a acadar con dita proposta son os seguintes:

1. Programación de traballos de conservación, mantemento ou mellora

1.1. Acondicionamento e/ou emenda do substrato: Preparación do terreo cun motocultor mecánico ou manualmente cos aparellos, sacho e restrelo e posterior traslado as zonas de verquido.

1.2. Control de depredadores/competidores: Cálanse as nasas (repartidas en caseas) carnadas nos bancos de marisqueo a pe, retirando os depredadores ás 24 horas (conforme a autorización). Devólvense ao mar as especies comerciables que entren nas trampas no momento do izado da nasa. As nasas permaneceran no mar, repartidas en varias caseas, balizadas e rotuladas no senso que o servizo de inspección poda verificar a metodoloxía descrita/actuación subvencionada.

1.3. Retirada de restos orgánicos e inorgánicos : Cando se detecta unha acumulación importante de argazo de arribazón nos bancos de marisqueo a pe é as mareas de ese período non permiten a súa retirada, o mais efectivo é a retirada dende embarcación na pleamar. O finalizar cada lance, utilizando a grúa, acumulan o seu contido na cuberta para poder continuar retirando o



arganzo. Cando hai presenza do mesmo, desprendido das rochas ou material arrastrado polas corrientes, retiraríanse manualmente por terra. Xúntase previamente con destino as fincas dos socios (abono orgánico).

1.4. Sementeira: Limpeza e acondicionamento previo nas últimas fases, adaptando o tractor ou subcontratando o acondicionamento.

2. Accións de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros.

2.1. Labores de semicultivo: Rareos, traslado, acondicionamentos, así como a colaboración coa AT na supervisión e organización das actividades .

2.2. Vixilancias: durante 12 días ao mes realizadas por unha mariscadora.

2.3. Outros: adaptación do tractor para desenrolar traballos de acondicionamento dos bancos marisqueiros e adquisición apeiro de dúas palas.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: "Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños". Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

No artigo 14 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 1 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC



establecidos no artigo 2 do Regulamento (UE) 1380/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopa o de contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

- Os proxectos aprobados financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
- O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 22 de xuño do 2026, autorizou a tramitación do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Sociedad Cooperativa Gallega Ría de Arosa para o desenvolvemento do Plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.
- O convenio asinouse o día 30 de xuño do 2026.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

